



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Inglés de Negocios | Código | 710G03028 | |
| Titulación | Grao en Xestión Industrial da Moda | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinación | Puente Castelo, Luís Miguel | Correo electrónico | luis.pcastelo@udc.es | |
| Profesorado | Murias Román, Ruth | Correo electrónico | ruth.murias@udc.es | |
| | Puente Castelo, Luís Miguel | | luis.pcastelo@udc.es | |
| Web | humanidades.udc.es/estudos/gim/gim-informaci%C3%B3n | | | |
| Descrición xeral | Introdución ao inglés con fins profesionais, con especial atención ao ámbito da moda. | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías docentes, trasladándose a entornos de aprendizaxe online, a excepción da proba práctica.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>A proba práctica desaparece, sendo substituída no seu peso na avaliación polos estudos de casos e o traballo tutelado.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Atención continuada a través de e-mail e Moodle.</p> <p>Empregarase Teams para a impartición das sesións de aulas síncronas, no horario establecido no calendario da titulación, así como para as titorías individualizadas co alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As porcentaxes concretas dos diferentes tipos de avaliación dependerán do momento no que fose necesario activar este plan de continxencia.</p> <p>En todo caso, conservaranse aquelas actividades de avaliación xa efectuadas, así coma o 10% de observación sistemática.</p> <p>O peso das actividades de avaliación que non se puidesen realizar, e, nomeadamente, da proba práctica, sumaranse en primeiro lugar ao traballo tutelado, até un máximo dun 40%, e posteriormente aos estudos de casos.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Nun escenario de activación do Plan de Continxencia, para a obtención da calificación de Non Presentado, o estudantado deberá non ter presentado o traballo tutelado "Project".</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A3 | Desenvolver destrezas para as relacións interpersoais e a interacción con axentes do contorno e interno (clientes, provedores, medios, colaboradores...). |
| A12 | Ter os coñecementos básicos de inglés necesarios para as relacións internacionais de negocio (acreditando nivel mínimo B1). |
| B1 | Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |



| | |
|----|---|
| B2 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado. |
| B5 | Que o estudantado desenvolviera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B6 | Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa en contornos interdisciplinares. |
| B8 | Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións. |
| B9 | Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|--|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer vocabulario específico das áreas de interese profesional da titulación. | A12 | B1 B2 B4 B5 | C2 |
| Coñecer e dominar o uso de estruturas gramaticais específicas, acordes ao nivel de coñecemento da lingua adquirido, especialmente aquelas particularmente relevantes para o exercicio profesional da titulación. | A12 | B1 B5 | C2 |
| Ser quen de interpretar textos orais ou escritos en inglés, sobre temáticas relacionadas coa súa actividade profesional, identificando tanto as ideas principais e a liña de argumentación como información específica relevante. | A12 | B1 B3 B5 B9 | C2 |
| Ser capaz de comunicarse, tanto de forma oral coma escrita, de maneira efectiva en entornos comerciais | A3 A12 | B2 B4 | C2 |
| Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situacións profesionais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando una linguaxe apropiada | A3 A12 | B1 B2 B3 B4 B5 B9 | C2 |
| Ser quen de preparar de forma escrita e expoñer de forma oral un traballo en grupo en lingua inglesa, sobre un tema relacionado coa súa titulación, organizando o traballo de forma axeitada, e utilizando recursos bibliográficos, bases de datos ou ferramentas TIC relacionadas coa súa titulación. | A3 A12 | B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 | C2 |

| Contidos | |
|-------------------------------------|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A aparencia, o vestido e a moda. | A descrición oral e escrita Vocabulario avanzado do mundo da moda Os adxectivos, a súa orde, e a súa posición |



| | |
|--|--|
| 2. A carreira, a carreira profesional e os recursos humanos. | <p>2.1 - A búsqueda de traballo</p> <p>A formación O CV e a cover letter As habilidades Modalidade epistémica</p> <p>2.2 - A entrevista de traballo</p> <p>As entrevistas As expectativas, a probabilidade e o futuro Modalidade deóntica e expresión de tempo futuro.</p> |
| 3. Colegas e clientes: O mundo do traballo | <p>As relacións laborais As presentacións en público Os niveis de formalidade e a cortesía Os rexistros e a súa expresión</p> |
| 4. Negocios, diñeiro e comercio | <p>Comprar e vender Descrición e venta dunha idea ou produto A linguaxe persuasiva As condicionais</p> |
| 5. Política e economía | <p>A política económica As regulacións e os seus efectos Dar a opinión Dar e seguir instrucións Os hedges</p> |
| 6. Os medios de comunicación | <p>As entrevistas As preguntas e as respostas</p> |

| Planificación | | | | |
|------------------------|-----------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A12 B1 B5 C2 | 20 | 0 | 20 |
| Seminario | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2 | 16 | 24 | 40 |
| Obradoiro | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2 | 8 | 12 | 20 |
| Presentación oral | A12 A3 B1 B2 B4 B5 C2 | 5 | 0 | 5 |
| Discusión dirixida | A3 A12 B1 B2 B4 B5 B9 C2 | 5 | 0 | 5 |
| Estudo de casos | A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | 4 | 16 | 20 |
| Proba práctica | A12 B1 B3 B4 C2 | 2 | 0 | 2 |
| Traballos tutelados | A12 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | 3 | 27 | 30 |
| Atención personalizada | | 8 | 0 | 8 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |
|--------------|
|--------------|



| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Sesión maxistral | Durante as sesións maxistrais presentaranse diferentes aspectos da lingua inglesa, tales como o vocabulario específico de interese para o exercicio profesional da titulación ou certas estruturas gramaticais. |
| Seminario | Os seminarios centraranse na práctica da interpretación e a produción de textos ESCRITOS en lingua inglesa, vencellados aos ámbitos de interese da titulación. (READING E WRITING) |
| Obradoiro | Os obradoiros porán o foco na práctica da interpretación e a produción de textos ORAIS en lingua inglesa, vencellados aos ámbitos de interese da titulación. (LISTENING E SPEAKING) |
| Presentación oral | O estudantado recibirá formación específica na preparación dunha presentación oral breve. |
| Discusión dirixida | Realizaranse unha serie de debates sobre aspectos de interese para o exercicio profesional da titulación, cos que o estudantado poderá seguir a desenvolver aspectos específicos da súa capacidade de comunicación e persuasión. |
| Estudo de casos | O estudantado realizará unha serie de pequenos traballos, como resumos, reflexións, ou comparacións, baseados en bibliografía específica sobre aspectos relacionados coas áreas de interese da titulación. |
| Proba práctica | O estudantado realizará unha proba práctica final para avaliar os contidos da materia impartida nos seminarios e obradoiros. |
| Traballos tutelados | Realizarase un PROJECT en grupos, que será presentado de forma escrita e defendido de forma oral ante a clase. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Realizaranse unha serie de titorías persoais co estudantado para comprobar tanto o seguemento xeral do curso, como, especificamente, o do traballo tutelado/Project final. Todo o estudantado recibirá unha atención personalizada. O estudantado con necesidades educativas especiais será tamén asesorado pola Unidade de Atención á Diversidade da UdC. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|-----------------------------------|--|---------------|
| Proba práctica | A12 B1 B3 B4 C2 | PROBA FINAL de Reading, Writing e Listening | 15 |
| Seminario | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2 | Exercicios de Reading e Writing realizados na aula | 10 |
| Obradoiro | A12 B1 B2 B3 B4 B5 C2 | Exercicios de Listening e Speaking realizados na aula | 10 |
| Traballos tutelados | A12 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | Project final en grupo | 30 |
| Sesión maxistral | A12 B1 B5 C2 | Os contidos e materia tratada durante as sesións maxistrais será avaliada de forma transversal no resto de metodoloxías, e de forma directa mediante a OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA do estudantado. | 10 |
| Estudo de casos | A3 A12 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 | Serie de pequenos traballos individuais, como resumos, reflexións, ou comparacións, baseados en bibliografía específica. | 20 |
| Presentación oral | A12 A3 B1 B2 B4 B5 C2 | Breve presentación oral sobre un aspecto específico. | 5 |

Observacións avaliación



En xeral, valorarase a corrección no uso da lingua inglesa en todas as actividades de avaliación e non unicamente nas destinadas especificamente a este cometido.

Será necesario superar o 4 en cada un dos apartados para dar por superada a materia.

A PROBA FINAL terá lugar na data de exame marcada polos organismos responsables da titulación. Serán anunciadas con anticipación suficiente tanto as datas de realización en clase da presentación oral e da defensa do Project como as datas límite de entrega dos estudos de caso. Os exercicios de reading, writing, listening e speaking realizados na clase non serán recuperables.

CALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO: Para a obtención da calificación de Non Presentado, o estudantado deberá non ter acudido á proba final NIN TAMPOUCO presentado o PROJECT.

OPORTUNIDADE DE XULLO: O estudantado suspenso só terá que recuperar aquelas probas que suspendese. Determinaranse novas datas para a entrega de traballos. O peso das probas finais de WRITING, READING, SPEAKING e LISTENING poderá subir ao total da cualificación para poder recuperar os exercicios realizados na aula.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Alcaraz Varó, Enrique (1999). Diccionario de términos económicos, financieros y comerciales. Barcelona: Ariel
 - Mackenzie, Ian (2002). English for business studies a course for business studies and economics students. Cambridge : Cambridge University Press
 - McCarthy, Michael & Felicity O'Dell (1994). English vocabulary in use upper-intermediate & advanced. Cambridge : Cambridge University Press
 - Prodromou, Luke (2001). Grammar and vocabulary for first certificate. Harlow : Longman
 - Spratt, Mary & Bob Obee (2002). First certificate direct student's book . Cambridge : Cambridge University Press
- Os recursos presentados serán empregados ocasionalmente na aula e, en xeral, poden ser de interese para a mellora xeral do nivel de competencia na lingua por parte do estudantado.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Posto que se solicita un nivel B1 do MCER para as linguas para o acceso ao grao, espérase do estudantado ter ese nivel como paso previo a cursar a materia, independentemente da existencia de materiais de apoio para o estudantado con maiores dificultades.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías